



# A TÚA CIDADE

## BREVE VISIÓN HISTÓRICA DE NARONTERRA SEGUNDO DIVERSOS TRABALLOS DO HISTORIADOR NARONÉS ANDRÉS PENA GRAÑA.

### 5º BAIXA IDADE MEDIA

Durante os séculos XI e principios do XII o mosteiro de Xuvia incrementará as súas posesións grazas á súa vinculación co clan nobiliar dos "Petritz", "Perez" ou Froilaz, que nel tiñan o panteón familiar. Unha vella lenda medieval ligaba esta liñaxe á Terra de Trasancos onde chegaría, tras perder o Conde don Mendo, da estirpe dos godos, as súas naves nunha tempestade cando coa intención de ser rei viña a Galicia, grazas a un milagroso salvamento no Cabo Prior. Masivas doazóns do clan Petritz situarán a Xuvia entre os mellor dotados locais de Galicia e sería claramente ata o primeiro terzo do século XIII en que vai ser substituído por Sobrado o mosteiro máis importante do país.

O último abade bieito de Xuvia, e "abba" ou arcepreste de Trasancos, D. Muniño ou Munio, foi testemuña do paso, por orde do Conde de Galicia D. Pedro Froilaz, do seu Arciprestado de Trasancos á Sede Compostelá (a. 1110), e tres anos despois este mesmo abade Munio perdería o seu mosteiro -no contexto do enfrontamento entre o Conde de Galicia D. Pedro, cabeza do partido Alfonso Raimundista e a raíña Dona Urraca- tras a doazón do conde D. Pedro do seu mosteiro familiar de Xuvia ao abade burgundio de Cluny Ponce de Melgueil o 14 de decembro de 1113.

Como hóspede agora do prior don Pedro da orde de "Cunegoo" (Cluny) o ex abade D. Munio, convertido o seu mosteiro en priorado, viviría nel co seu irmán o monxe Vimara ata a súa morte. Con el residían en Xuvia en olor de santidad as monxas Munia e Visclávava Froilaz, membros do clan nobiliar máis poderoso de Galicia, cuxas mandas acrecentaron considerablemente o poder do mosteiro.

Tras a morte do conde de Galicia, o seu fillo don Fernando Pérez "imperante" e "princeps" da Terra de Trasancos adopta (e aínda este título o leva xa o seu pai o conde don Pedro na documentación de Caaveiro por atribuírlo os monxes en traslados posteriores do século XIII ) por primeira vez o título de Conde de Trastámara (literalmente "tras o río Tambre". A Terra de Trasancos estará sempre en poder do titular deste condado.

Da descendencia do irmán maior do primeiro conde de Trastámara, Bermudo Pérez e a súa muller Tareixa Bermúdez, xurdirá ligado ao topónimo Mandiá unha importante liñaxe tranquesa mantida ata hoxe na liña dos Condes de Castelo e na liña do Pazo da Casa do Monte.